



FORMACIÓN EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

(DOG 28-3-2016)

ORDE do 14-3-2016 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2016, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, en réxime de concorrencia competitiva.

PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS:

1. Poderá solicitar a participación nas actividades convocadas e ser beneficiario destas axudas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a)** Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2015/16, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b)** Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2014/15.
- c)** Ter acadado, no curso 2014/15 e na área ou materia de Lingua Inglesa, unha cualificación mínima de ben no 6º curso de educación primaria para o alumnado de 1º de ESO, e de 6 para o de 2º, 3º e 4º cursos de ESO e de bacharelato.
- d)** Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.
- e)** Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Estar en posesión do DNI, número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) ou pasaporte. No caso do alumnado menor de 14 anos que non dispoña de documento de identidade, farase constar, como documento identificativo, o do pai/nai ou do titor ou titora legal.

2. As axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos, sempre que contén con domicilio no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

O prazo para a presentación de solicitudes será **dun mes**, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG). Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo cardinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

COMUNICACIÓN:

Toda a información relacionada co estado das solicitudes ou coa adxudicación de prazas e centros farase a través da páxina principal da web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>, que se actualizará periodicamente.

ANEXO IV

	Modalidade	Duración	Réxime aloxamento	Nº prazas	Custo por praza (€)	Achega das familias (€)			
						Grupo A	Grupo B	Grupo C	Grupo D
2º bacharelato	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	33	800	100	180	300	350
1º bacharelato	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	59	800	100	180	300	350
4º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	90	550	70	125	220	275
3º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	120	550	70	125	220	275
2º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	190	550	70	125	220	275
1º educación secundaria obrigatoria	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	190	550	70	125	220	275
Total prazas:				682					

U
G
T
I
N
F
O
R
M
A